



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022 – FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Florencio Delgado Gurriarán nace en Córrego, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903, no **seo** dunha familia **acomodada**. Sexto dos fillos do matrimonio, foi poeta, editor, **corrector** e **tradutor**, escribiu artigos de **prensa** e traballos de **léxico**. Foi tamén un extraordinario **activista** político e cultural, un dos principais **intermediarios** entre a Galicia **exiliada** en México e a Galicia interior e ponte de unión coa **intelectualidade** doutras orixes.

Os seus primeiros anos transcorren na casa familiar da aldea, na **bocarribeira** do Sil; unha paisaxe de terras de **labor consagradas** desde antigo ao cultivo das **videiras**, que vai ter unha presenza constante nos seus versos.

Aos seis anos marcha a Ourense e aos 10 a Palencia, onde estuda o bacharelato; son **traslados** forzosos, motivados polo traballo do seu pai, enxeñeiro **agrónomo**. En Valladolid cursa a carreira de Dereito. Daquela coñece o xornal *A Nosa Terra* e descobre que non é “un Robinsón do galeguismo”. Anteriormente lera a Rosalía, Curros e Cabanillas na biblioteca da casa corgomesa, lecturas que espertarían a súa **vocación** poética.

En 1928, cando o seu pai se asenta na Coruña, el retorna a Valdeorras e prepara as oposicións para **rexistrador**. Traballa nun **bufete** do Barco de Valdeorras, organiza festas e **promove** actividades culturais.

Nesa época comeza a publicar os primeiros versos en xornais e revistas como *Heraldo de Galicia* e *A Nosa Terra*. En 1934 sae do prelo o seu primeiro **poemario**, *Bebedeira*, unha obra de exaltación da terra **natal** próxima ao **hilozoísmo** de Amado Carballo, moi ben acollida pola **crítica**.

O seu **compromiso** con Galicia fai que se achegue aos labores en **prol** da lingua como membro das Irmandades da Fala, sexa socio protector do Seminario de Estudos Galegos e en 1933 ingrese no Partido Galeguista. Neste tempo relaciónase con Castelao, Alexandre Bóveda e Otero Pedrayo e con eles participa na campaña a prol do **Estatuto de autonomía**.

En 1936, co comezo da Guerra Civil, ten que marchar a Portugal e desde alí a Francia. Dous anos despois trasládase á Barcelona republicana; noméano secretario de **propaganda** do Partido Galeguista, publica poesía de combate e xestiona a saída de **guerrilleiros** por Portugal. En 1939, xa desde Francia, organiza a **evacuación** dos **refuxiados** a América e parte no buque *Ipanema* canda 997 exiliados máis, con destino a Veracruz.

En México participa activamente na vida cultural dos galegos emigrados e funda, con Illa Couto e Carlos Velo, a revista *Saudade*. En 1943, colabora no libro *Cancioneiro da loita galega* cunha serie de poemas asinados co **pseudónimo** de Nadel. Participa tamén na obra *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1949) con traducións do francés de Rimbaud, Mallarmé, Valéri e outros.

Nos anos cincuenta foi o **promotor** de **iniciativas** como o Padroado da Cultura Galega en México (creado en 1953) e editou, con Carlos Velo e Luis Soto, *Vieiros*, a revista máis importante do exilio galego. En 1963, publica o libro *Galicia Infinda*, no que inclúe unha serie de poemas con **temática** mexicana.

En 1968, despois de 32 anos, volve a Valdeorras. Regresa outra vez en 1976, con Celia, a súa muller, e, xa por último, en 1981. Desta vez, toma posesión como Membro de Mérito do Instituto de Estudos Valdeorreses e é recoñecido como membro correspondente da Real Academia Galega. Tamén neste mesmo ano aparece *Cantareñas*, que recolle poemas xa editados en *Bebedeira* e *Galicia infinda* a canda outros de recente creación dedicados ao viño. En 1986, publica *O soño do guieiro*, un libro en homenaxe a Castelao no que destacan os seus poemas de loita e compromiso.

O día 14 de maio de 1987, aos 84 anos, morre en Fair Oaks (California) na casa dunha das súas fillas. As súas cinzas repousan no cemiterio de Córrego, á vista da súa amada Valdeorras, a onde sempre quixo volver.

En 2021, a Real Academia Galega acorda dedicarlle o Día das Letras Galegas 2022. A través da súa figura tamén se homenaxea, por primeira vez, a Galicia do exilio republicano en México.



Copia 6 das palabras resaltadas e búscasas no dicionario. Fai un resume ou escribe un sinónimo:

.....

.....

.....

.....

.....

Responde estas breves preguntas:

Onde nace? que provincia?

En que mes nace? e morre?

Onde pasa os primeiros anos? Que se cultiva aí?

De que traballou o pai? e el?

Onde marcha con seis anos? e aos 10?

Por que se move tanto de sitio?

Que estuda? en que universidade?

Que significa que non é un “Robinsón do galeguismo”?

Onde traballa? que fai ao mesmo tempo?

Onde publica os seus primeiros versos? e

Como se titula o seu primeiro poemario? como é a opinión da crítica?

De que asociación é membro? cando ingresa no Partido Galeguista?

Con que tres persoas se relaciona neses tempos?

A prol de que traballan ?

Por que marcha a Portugal? en que ano?

Que organiza en Portugal? e na Francia?

Que funda en México? con quen?

Que é VIEIROS? cando publica GALICIA INFINDA?

Cando volve a Valdeorras? Cando é a última vez que visita Galicia?

Que ocorre nese último ano?

Que libro aparece tamén nese ano? que contén?

Cal é o seu derradeiro libro? dedicado a quen?

Cando morre? onde?

Que facía alí? onde están as súas cinzas?

Que se homenaxea o 17 de maio de 2022?